

Polo Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2014, adoptouse o seguinte acordo:

11. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS DO CONCELLO DE FERROL DO ANO 2014 E ACORDO COMPLEMENTARIO.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Participación, Comunicación, Novas Tecnoloxías e Atención ó cidadán e ós barrios, que textualmente di: "O Pleno do Concello de Ferrol na súa sesión ordinaria de data 27/03/2014 adoptou un acordo no que aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol 2014.

Consonte ao disposto na base VI da convocatoria o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*.

As bases da convocatoria publicáronse no BOP da Coruña número 73 do pasado 16/04/2014, polo que o prazo para a presentación de solicitudes remata o 06/05/2014.

A Federación Veciñal Roi Xordo, presentou no Rexistro Xeral do Concello con data 22/04/2014 un escrito en que solicita unha ampliación do prazo de presentación de solicitudes debido a coincidencia dentro do prazo, que é en días naturais, de diversas festividades o que motivou queixas das entidades veciñais asociadas na dita Federación ao entender que contan con escaso tempo para a presentación das solicitudes de subvención.

Tendo en conta pois as dificultades en que se poden atopar as entidades interesadas para a presentación da solicitude e demais documentación requirida por mor da coincidencia dentro do prazo de presentación de solicitudes das festividades de Semana Santa, dun festivo local e da festividade do 1 de maio, e dado que o prazo é en días naturais, compre ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

Polo exposto, como concelleira delegada da Área de Participación, Comunicación, Novas Tecnoloxías e Atención ao cidadán e aos Barrios, e ao abeiro do disposto no artigo 49.1 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, propóñolle ao Pleno municipal que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar de oficio, unha ampliación do prazo para a presentación de solicitudes da convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol 2014 ata o día 16 de maio de 2014 inclusive.

Segundo.- Ordenar a publicación do presente acordo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* aos efectos previstos no artigo 59.6 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e significar que de conformidade co previsto no artigo 49.3 da dita Lei, os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recursos."

A Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e un votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular, Socialista e Independientes por Ferrol e catro abstencións, correspondentes ós sres./as. membros de Esquerda Unida e Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente. Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 25 de abril de 2014.

O SECRETARIO XERAL.-